

1. Modificacións nos contidos

Non se prevén modificacións dos contidos

2. Metodoloxías

*Metodoloxías docentes que se manteñen

Manteráse a mesma metodoloxía docente agás as sesións maxistras e de resolución de problemas presenciais

*Metodoloxías docentes que se modifican

As sesións maxistras e a resolución de prácticas e exercicios presenciais serán substituídas por sesións virtuais na plataforma Teams (ou a que se considere adecuada para garantir o acceso con calidade a tódolos estudantes). A documentación e contido das clases será previamente posta a disposición dos estudantes no formato adecuado, e na plataforma Moodle por defecto (utilizarase tamén a páxina web da asignatura como apoio ou o método que sexa necesario para garantir a difusión dos recursos a todo o estudiantado). Os contidos serán explicados nas sesións virtuais utilizando o soporte gráfico previamente publicado.

3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado

Estableceranse titorías individuais online, na plataforma Teams, e tamén telefónicas e mediante o uso do correo electrónico.

4. Modificacións na avaliación.

Proba obxectiva de tipo exame, a realizar na data establecida no calendario oficial de exames. (ver observacións).

Realizarase unha proba de avaliación online, cun valor do 80% da nota final. Un 15% da nota corresponderase co traballo obrigatorio e individual que será defendido oralmente por videoconferencia. O 5% restante obterase con probas e exercicios individuais propostas online ao longo do desenvolvemento da asignatura.

*Observacións de avaliación:

Cada exercicio do exame será posto á disposición dos alumnos na plataforma Moodle, que deberá resolverse de xeito individual e baixo as normas establecidas polos profesores. Unha vez rematado o tempo do exercicio, cada estudante deberá escanear ou facer unha fotografía do exercicio e remitilo utilizando a plataforma Moodle. Unha vez rematado o exercicio, o seguinte exercicio será posto a disposición dos alumnos na plataforma Moodle.

Antes do comezo do exame, o alumno deberá asinar a seguinte declaración de ter cumprido coas normas establecidas.

“Eu, nome apelido1 apelido2 con DNI: XXXXXXXX-X declaro pola miña honra que non utilizarei medios nin métodos fraudulentos para a realización deste exame de Métodos Numéricos e Programación do terceiro curso do Grao en Tecnoloxía da Enxeñería Civil.”

E asinarán ao lado indicando tamén a data e a hora.

Algúns estudantes poden ser convocados, posteriormente á realización do exame, por videoconferencia, para explicar o realizado no exercicio.

5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía

Ningunha